

OS PUPILLOS EN O GROVE

Por: José Miguel Besada Fernández

Desde que empezou o verán en O Grove a raíz do balneario e das instalacións hostaleiras na Toxa, chamóuselles **pupilos** á xente que se hospedaba no verán nesta vila, ben polos baños das augas medicinais da Toxa ou ben por vir á praia. Isto dou lugar a unha actividade moi importante, tanto no aspecto económico como no social principalmente, porque lle dou ao pobo outra dimensión, un ben engadido, que non tiveron os outros pobos das Rías Baixas coas mesmas actividades económicas no difícil tempo da posguerra, ou sexa, na época do racionamento.

Os **pupilos**, sobre todo os habituais, tiveron unha gran importancia no colectivo de O Grove por moitos motivos pois rompían coa monotonía da vila do inverno e, xunto co bo tempo, traían alegría e optimismo; en xeral eran boa xente, que se foron familiarizando cos veciños, atentos, educados, de bo carácter, interesados en saber as cousas do pobo. Eran xente importante, polo menos parecían, así o daban a entender: semellaban unha fonte de sabedoría que entendían de todo, e estaban relacionados coa elite da cidade onde residían.

Non obstante, os **pupilos** non eran un grupo homoxéneo como os que veñen do INSERSO, senón que eran de varios tipos ou categorías ben diferenciadas socialmente sendo, en xeral, as seguintes.

Os da Toxa: Eran os mais selectos. Hospedábanse no Gran Hotel ou en chalés particulares; eran xente coma se foran doutra galaxia coma quen di: había ministros, embaixadores, artistas, grandes empresarios, *supermillionarios*,...que só se podían ver cando saían no NODO cando se ía ao cine; nun pobo era moi difícil velos ao natural e menos falar con eles. En xeral tiñan pouco contacto coa xente da vila, salvo cos traballadores da illa que lles caían ben e cando se interesaban sobre a navegación ou do traballo no mar. En xeral, os traballadores da Toxa eran uns afortunados, pois tiñan traballo fixo, facilidade de colocar aos fillos na empresa e, aínda por riba, trataban con xente importante, sendo para eles era un pracer enorme presumir da amizade cos señores.



Clientes do Gran Hotel. Hora do té.

Os dos chalés de O Grove: Eran os **pupilos** mais habituais. Viñan todos os anos coas súas familias, estaban integrados e moi encantados con todo o do pobo; tiñan moito contacto e participaban en actividades lúdicas como ocorreu coa obra teatral: "La casa de la Troya" que causou un gran impacto polo ben facer de todos os colaboradores, pola harmonía e o entusiasmo de todos os participantes. Eran moi ben acollidos polos veciños, que non ocultaban a satisfacción de velos de novo; eran moi familiares, interesábanse e ofrecíanse para o que necesitasen, se estaba na súas mans, polo que eran moi queridos e coñecidos no pobo en xeral; ademais, para os paisanos era unha boa ocasión para falar coa xente fina en castelán con confianza, contarlles a súa vida..., pois escoitábanos con toda atención, era dunha satisfacción impagable que perduraba para sempre.

Por último estaban **os que paraban nas casas particulares:** Estes tiñan o sistema de aloxamento mais interesante, que saía das normas oficiais da hostalería. Eran casas nas que se habilitaban ata o máximo posible de dormitorios. Tanto era así, que a maioría dos pousadeiros habilitaban os seus dormitorios no faiado para poder aloxar mais xente, dado que incluso viñan familias enteiras con rapaces pequenos e tamén as avoas, ás que lles viña moi ben o cambio de aires. No aspecto da comida non era precisamente á carta pero parecíaselle dábondo; todos os días a *patrona* preguntáballes aos hóspedes o que lles apetecía para xantar

para así traelo da praza e logo cocinar os menús que eran moi variados. Outra particularidade é que moitos destes **pupilos** xa traían da casa patacas, cebolas, chicharos... chourizos e porco do salgadoiro e así a estancia saíalles mais barata; tamén eran moi amantes da natureza e gozaban moito na praia, (as que mais lles gustaban eran as da Toxa, as que estaban preto da ponte). Nelas mariscaban, e a pesar de ser do interior, eran moi expertos nestas actividades. Non só apañaban para a caldeirada senón que aínda lles sobra para vender: incluso algúns pagaban en especies, en marisco, chourizos, costela salgada, etc...a súa estancia e así saíalles de balde o veraneo polo que reenganchaban todos os anos.

BAR LONXA
PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA